

# O PASADO NO FUTURO.

## A HISTORIA DA VETERINARIA EN INTERNET

Internet é a mellor metáfora da mítica biblioteca de Alexandría, que se presenta como a posibilidade do coñecemento global. Nos últimos anos, a rede estase a converter nunha ferramenta da nosa vida cotiá. Non hai dúbida das vantaxes que o seu uso reporta para o achegamento ao coñecemento e a un continuo intercambio e actualización da información.

**Diego Conde Gómez**

Asociación Historia Veterinaria Galega (HISVEGA) [historiaveterinariagalega@yahoo.es](mailto:historiaveterinariagalega@yahoo.es)

A veterinaria non é allea a esta revolución de internet, que ten adquirido unha importancia crecente na vida profesional, tanto como instrumento para a formación como de intercambio e foro de opinións. Tamén como aparello divulgador do labor dos veterinarios, o cal enriquece substancialmente a opinión que o resto da sociedade ten sobre a nosa profesión. Aínda que queda moito por andar, as diferentes ramas da medicina clínica ou da produción animal \_pasando polas achegas en investigación básica, epidemioloxía ou acceso a ferramentas específicas para a xestión do traballo veterinario no día a día\_ están cada vez máis preto, só co clic dun rato.

Sen embargo, o que se nos presenta como un útil de futuro tamén pode ser un instrumento para aproximarse ao pretérito da nosa profesión. Cada vez é maior o interese polos acontecementos do pasado da albeitería e a veterinaria. Existe un certo anxeo de coñecemento que dificilmente é satisfeito polos medios tradicionais en papel. É por iso polo que os medios dixitais pasan a converterse no instrumento con maior potencial para a divulgación e intercambio de ideas sobre a historia da veterinaria. Velaquí algúns exemplos deste traballo.

**A procura do mínimo esforzo fai que se duplique información dun xeito reiterativo, unha endogamia do coñecemento que minimiza as novas contribucións de contidos.**

### INTERCAMBIO DE OPINIÓNS E COÑECIMENTOS

A Asociación Española da Historia da Veterinaria (<http://www5.colvet.es/aehv/index.html>) e as súas filiais nas comunidades autónomas queren impulsar o interese pola historia veterinaria e a divulgación dos seus contidos. Así, a páxina web da asociación española é o maior e mellor repositorio de traballos e congresos sobre a historia veterinaria. E non só no ámbito nacional; abrangue tamén os estudos que sobre a materia se están a facer no mundo hispanoamericano.

Nunha liña semellante, a Asociación Catalá ou a Asociación Galega, a través dos seus blogs Quiro News (<http://achv.wordpress.com/>) e

Hisvega (<http://hisvega.blogspot.com/>), respectivamente, buscan dun xeito máis informal, pero non menos rigoroso \_a través de novas, vídeos, etc.\_ establecer achegas que, dende un enfoque multidisciplinar, teñan que ver coa vertente máis humanista da profesión. É obrigado dicir que o esforzo silencioso e continuo por parte dos compañeiros cataláns, cunha páxina moito máis actualizada cá de Hisvega, acaba de ter como recompensa o fito de 30.000 visitas en menos de 3 anos de actividade.

Outro dos aspectos nos que internet se está a converter en punto de referencia é a recuperación, consulta e difusión do patrimonio veterinario. Cada vez son máis os puntos de acceso que nos achegan á riqueza bibliográfica da profesión

Outras asociacións coma a Mundial (<http://www.wahvm.umn.edu/>), a americana (<http://www.cvm.missouri.edu/avmhs/index.html>), a australiana (<http://www.vetsci.usyd.edu.au/avhs/>) ou a inglesa (<http://www.veterinaryhistorysociety.org.uk/>) tamén teñen presenza na rede, aínda que os seus contidos están máis limitados ás actividades de cadansúa asociación.



Outros axentes están a poñer o seu graniño de area na divulgación de coñecementos. Así, a Facultade de Murcia sobe á rede vídeos sobre a historia da albeitería (<http://tv.um.es/serial/index/id/75>). Cómpre citar tamén a Real Academia de Ciencias Veterinarias (<http://www.racve.es/>), a Organización Colexial (<http://www.colvet.es/>), que dispón de seccións específicas para a Historia, e o Corpo Nacional Veterinario (<http://www.acnv.es/centenario/home2.htm>), que a través da conmemoración do seu centenario fai un repaso da historia contemporánea da profesión.


**RECUPERANDO O PASADO**

Outro dos aspectos nos que internet se está a converter en punto de referencia é a recuperación, consulta e difusión do patrimonio veterinario. Cada vez son máis os puntos de acceso que nos achegan á riqueza bibliográfica da profesión. Por exemplo, a dixitalización de volumes de albeitería ou das revistas profesionais do pasado século, que nos dan unha idea das mudanzas que a través do tempo ten experimentado a nosa profesión. Exemplos deste inxente traballo son a dixitalización da *Revista de Higiene y Sanidad Veterinaria* (<http://ddd.uab.cat/record/50186?ln=es>), a *Revista de Higiene y Sanidad Pecuarias* (<http://ddd.uab.cat/record/50187>), a *Revista Veterinaria de España* (<http://ddd.uab.cat/record/29354?ln=es>), a *Revista Pasteur* (<http://ddd.uab.cat/record/29269?ln=es>), *El Boletín de Veterinaria* (<http://ddd.uab.cat/record/49069?ln=es>) ou *La Semana Veterinaria* (<http://ddd.uab.cat/record/50188?ln=es>), que se atopan dispoñibles para todo o mundo na páxina da biblioteca dixital da Universidade Autónoma de Barcelona.



Outra das xoias é a páxina Helvia da Universidade de Córdoba (<http://helvia.uco.es/xmlui/search?query=veterinaria>), onde se poden

atopar obras dos séculos XVII, XVIII e XIX, de libre acceso, de autores como Francisco de la Reyna, Pedro Conde, Martín Arredondo, Fernando Calvo, García Cabero ou Nicolás Casas de Mendoza.



Existe outra parte da nosa historia que é o patrimonio material que se está a recuperar a través de proxectos museísticos. Neste caso, o máis veterano é o Museo de Veterinaria Militar ([http://www.portalcultura.mde.es/cultural/museos/madrid/archivo\\_146.html](http://www.portalcultura.mde.es/cultural/museos/madrid/archivo_146.html)), que pon a disposición da rede diferentes pezas da súa colección e que se espera que en breve se poida visitar virtualmente, ou o Museo Anatómico da Facultade de Veterinaria de Murcia ([http://www.um.es/veterina/nuevo\\_museo/historia.php](http://www.um.es/veterina/nuevo_museo/historia.php)). Dous claros exemplos do labor que se está a realizar neste senso. Outra mostra, desta vez cunha aproximación a través das redes sociais, é o recente Museo Veterinario Complutense (<http://www.facebook.com/pages/Madrid/Museo-Veterinario-Complutense/127828810570303>), chamado a ser o espazo de referencia con maior potencial de crecemento neste eido.

Alén das fronteiras españolas, o Museo do Royal Veterinary College, da Universidade londinense (<http://www.rvc.ac.uk/About/Museums/Museum.cfm>) ou o Museo da Facultade de Zurich, en Suíza ([http://www.vet.uzh.ch/fakultaet/museum\\_en.html](http://www.vet.uzh.ch/fakultaet/museum_en.html)), son claras mostras vivas do paso do tempo no instrumental, equipamentos e infraestruturas da nosa profesión.

**A XEITO DE REFLEXIÓN**

Como ben vemos, internet é un valioso útil que nos permite aproximarnos ao máis variado coñecemento, así como difundir parte do noso traballo. Hoxe en día non é arriscado dicir que o que non está en internet non existe, polo que se fai urxente que a presenza da Veterinaria en toda a súa extensión e plenitude se faga ver e teña cada vez máis permanencia nos medios dixitais.

Sen embargo, este cúmulo de información tamén ten os seus inconvenientes. Ás veces unha cantidade de información excesiva impídenos separar o importante do banal. Do mesmo xeito, a existencia de informacións falsas ou obsoletas fai que ás veces incorramos en lugares comúns. Igualmente, a procura do mínimo esforzo fai que se duplique información dun xeito reiterativo, unha endogamia do coñecemento que minimiza as novas contribucións de contidos. Unha ultima suxestión para que vexades que, se non adoptamos posicións serias, esta é a imaxe que a sociedade pode ter da nosa profesión. En <http://www.youtube.com/watch?v=pT2uRShBgUw>

